



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 7

Servizos básicos e renovación de poboacións nas zonas rurais

Submedida 7.5

**Apoio aos investimentos para uso público en
infraestrutura recreativa, información turística e
infraestrutura turística a pequena escala**



Índice

<u>1. Medida 7. Servizos básicos e renovación das poboación rurais</u>	2
<u>1.1. Submedida 7.5 Apoio aos investimentos para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequena escala</u>	2
<u>1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?</u>	3
<u>1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?</u>	3
<u>1.1.3. Como se outorga a axuda?</u>	3
<u>1.1.4. Que tipo de gastos se financian?</u>	4
<u>1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?</u>	5
<u>1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?</u>	5
<u>1.1.7. A canto ascende esta axuda?</u>	5
<u>1.1.8. Quen xestiona esta axuda?</u>	6
<u>1.1.9. Marco normativo</u>	6
<u>1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados</u>	7

1. Medida 7. Servizos básicos e renovación das poboacións rurais

A axuda en virtude desta medida abarcará tres tipos básicos de apoio: o deseño e actualización de plans relacionados coas áreas rurais e os seus servizos básicos e as zonas de alto valor natural; os investimentos en infraestruturas vinculadas ao desenvolvemento local e a recolocación de actividades e dependencias; e os estudos e accións asociadas ao patrimonio cultural e natural e á concienciación ambiental. En todo caso, o común denominador da medida radica no carácter non produtivo das operacións financiadas e no impulso preferente ás iniciativas a cargo de entidades públicas locais.

Impleméntanse 5 submedidas no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020:

- ✓ Submedida 7.2 Apoio aos investimentos na creación, mellora ou ampliación de todo tipo de pequenas infraestruturas, incluídos os investimentos en enerxías renovables e aforro de enerxía
- ✓ Submedida 7.3 Apoio ás infraestruturas de banda ancha, en particular a súa creación, mellora e ampliación, as infraestruturas de banda ancha pasivas e a oferta de acceso á banda ancha e a solucións de administración electrónica
- ✓ Submedida 7.4 Apoio aos investimentos na creación, mellora ou ampliación de servizos básicos locais para a poboación rural, incluídas as actividades recreativas e culturais, e a infraestrutura relacionada
- ✓ Submedida 7.5 Apoio aos investimentos para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequena escala
- ✓ Submedida 7.6 Axuda para estudos/investimentos vinculados ao mantemento, a recuperación e a rehabilitación do patrimonio cultural e natural das poboacións, das paisaxes rurais e das zonas con alto valor natural, incluídos os seus aspectos socioeconómicos, así como as iniciativas de sensibilización ecolóxica

1.1. Submedida 7.5 Apoio aos investimentos para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequena escala

No marco desta submedida apóianse operacións que, a través da posta en valor da riqueza histórica, cultural, patrimonial, natural e paisaxística, contribúan á creación de condicións favorables para o desenvolvemento das iniciativas empresariais do sector turístico e desta forma consolidar e mellorar a oferta e as infraestruturas turísticas nas zonas rurais.

Con esta submedida perséguese a potenciación do turismo como un factor de crecemento económico, a valoración dos recursos turísticos e o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

Preténdese potenciar o seguinte tipo de operacións:

- ✓ Actuacións de sinalización e accesibilidade aos recursos turísticos no medio rural que contribúan á promoción e difusión do patrimonio natural e artístico da zona de acordo con principios de calidade e sustentabilidade
- ✓ Adecuación, acondicionamento e equipamento de espazos naturais ou de interese paisaxístico con fins recreativos ou turísticos tales como itinerarios ou circuitos temáticos, rutas de sendeirismo con interpretación da natureza, miradoiros, adecuación de espazos para a práctica deportiva nunha contorna natural,...
- ✓ Construción ou mellora de aparcadoiros co fin de facilitar o acceso ordenado a recursos turísticos, sempre dentro dun marco de tratamento da paisaxe e do medio ambiente que garanta a súa sustentabilidade
- ✓ Mellora das redes informáticas, seguridade, acondicionamento de salas, mobiliario,...
- ✓ Infraestruturas turísticas de pequena escala dirixidas á implantación ou mellora de sistemas de información, atención e acollida de visitantes (puntos de información turística, centros de interpretación, museos,...) e proxectos de sinalización turística

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

Poderán ser beneficiarios as entidades locais, padroados de turismo, consorcios turísticos, empresas públicas municipais, mancomunidades ou consorcios locais.

Así mesmo poderán ser beneficiarias as asociacións e fundacións e entidades privadas sen ánimo de lucro, e persoas físicas ou xurídicas de dereito privado así como as súas asociacións ou agrupacións que estean relacionadas co desenvolvemento ou a promoción do turismo.

1.1.3. Como se outorga a axuda?

A axuda poderá articularse como subvención en convocatoria pública en réxime de concorrência competitiva.

No seu caso habilitarase a posibilidade do recurso de instrumentos financeiros, e queda condicionada aos resultados da avaliación ex ante realizada segundo o artigo 30 do Regulamento (UE) N° 1303/2013, que demostre a existencia de deficiencias de mercado ou situacións de investimento subóptimas, estime o nivel das necesidades de investimento público e o seu alcance e estableza o tipo de instrumentos financeiros a aplicar.

1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

Serán subvencionables os custos de:

- ✓ A construción, adquisición (incluído o arrendamento financeiro) ou mellora de bens inmobles
- ✓ A compra ou arrendamento con opción de compra de nova maquinaria e equipo ata o valor de mercado do produto
- ✓ A adquisición de terreos por un importe non superior ao 10% do total dos gastos subvencionables
- ✓ Os custos xerais vinculados ao investimento, tales como honorarios de arquitectos, enxeñeiros e asesores, honorarios relativos ao asesoramento sobre a sustentabilidade económica e ambiental, incluídos os estudos de viabilidade
- ✓ Os investimentos intanxibles: adquisición ou desenvolvemento de programas informáticos e adquisicións de patentes, licenzas, dereitos de autor ou marcas rexistradas.

Excluíranse os gastos que:

- ✓ Non se axustan aos fins da medida ou de escaso interese para lograr os obxectivos relacionados
- ✓ Os non relacionados directamente co servizo público
- ✓ Os non axustados no seu dimensionamento e capacidade ás actividades para desenvolver
- ✓ As reparacións e obras de mantemento
- ✓ O material funxible, a maquinaria, equipamento e materiais de segunda man
- ✓ Os gastos correntes, as taxas e licenzas administrativas
- ✓ Os investimentos que substitúan a outros financiados anteriormente por Feader nos que aínda non pasasen 5 anos desde a certificación da súa realización
- ✓ Os investimentos en reforma de locais cuxa construción ou adquisición fosen subvencionadas anteriormente por Feader nos que aínda non pasasen 5 anos desde a súa execución.

Estableceranse custos de referencia para algúns tipos de gastos, en particular para os relativos á construción, adquisición ou mellora de bens inmobles.

1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

Cando proceda, a solicitude de axuda deberá de ser acordada polo órgano competente das entidades públicas participantes na operación. Estas, do mesmo xeito que as persoas físicas ou xurídicas solicitantes, deberán estar ao día no cumprimento dos seus deberes tributarios e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma. Ademais, as entidades públicas, antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes de axuda, deberán remitir as contas do último exercicio orzamentario ao Consello de Contas dentro do prazo correspondente.

As operacións non deben estar iniciadas na data de presentación da solicitude e deben desenvolverse no ámbito territorial pertinente.

1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

Aplicaranse criterios de selección de maneira obrigatoria, mesmo nos casos en que o orzamento dispoñible sexa superior á demanda de financiamento. Os criterios de selección deberán estar claramente definidos antes do inicio do proceso. En xeral, para cada criterio de selección outórganse puntos e a puntuación total da aplicación debe ser a suma dos puntos de todos os criterios de selección que se satisfagan.

Valoraranse as seguintes prioridades:

- ✓ A localización xeográfica das diferentes operacións tendo en conta tanto a evolución demográfica da zona en cuestión como o seu desenvolvemento socioeconómico
- ✓ A cooperación entre varias entidades ou organismos públicos
- ✓ O carácter innovador das propostas
- ✓ A creación de emprego
- ✓ A calidade, claridade e concreción do proxecto
- ✓ A incidencia sobre determinados colectivos (mozos, mulleres e colectivos desfavorecidos)

1.1.7. A canto ascende esta axuda?

As solicitudes que alcancen polo menos o limiar mínimo de puntos derivados da aplicación dos criterios de selección, serán ordenadas de maior a menor puntuación. Aplicaranse as seguintes intensidades de axuda en función da puntuación obtida por cada solicitude conforme á seguinte relación:

- ✓ Con 20 puntos: 50%
- ✓ Entre 21 e 25 puntos: 55%
- ✓ Entre 26 e 30 puntos: 60%



- ✓ Entre 31 e 35 puntos: 65%
- ✓ Entre 36 e 40 puntos: 70%
- ✓ Entre 41 e 60 puntos: 75%
- ✓ Entre 61 e 80 puntos: 80%
- ✓ Entre 81 e 90 puntos: 90%
- ✓ Entre 91 e 100 puntos: 100%

Se os fondos dispoñibles en cada convocatoria non fosen suficientes para conceder axudas a todas as solicitudes que alcancen a puntuación mínima, serán excluídas as de menor puntuación.

1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Axencia Turismo de Galicia pertencente á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

1.1.9. Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) N° 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013 , polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo y de la Pesca, y por el que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca
- ✓ Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento (UE) N° 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis
- ✓ Regulamento Delegado (UE) N° 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias
- ✓ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia





- ✓ Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia
- ✓ Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico
- ✓ Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que trasponse ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Axencia Turismo de Galicia
http://www.turismo.gal/canle-institucional/turismo-de-galicia/a-axencia?langId=gl_ES
- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.6.3.4 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020

